



Por orde do Reitor, e segundo o acordo da Mesa do Claustro celebrada o día 15 de abril, teño a honra de convocalo á sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade da Coruña

Día: 30 de abril de 2013

Hora: 9:00 h en primeira convocatoria e 9:30 h en segunda convocatoria

Lugar: Paraninfo da Universidade. A Maestranza nº 9

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria do 13 de decembro de 2012
2. Debate e aprobación, se proceder, do informe de xestión do reitor correspondente ao ano 2012
3. Debate e aprobación, se proceder, do Documento Misión, Visión e Valores do Plano Estratéxico 2013-2020
4. Elección dos representantes dos estudantes claustrais (sector C) na Mesa do Claustro, Comisión Electoral Central e Consello de Goberno, e dun representante das restantes categorías de PDI (sector B) na Mesa do Claustro *
5. Quenda aberta de intervencións

A documentación relativa ao punto 2. Informe de xestión do reitor 2012 está ao seu dispor no seguinte enderezo http://www.udc.es/cifras/memorias_xestion/index.html

* Nota: para os procesos electorais previstos no punto 4, a Mesa do Claustro acordou a aprobación do seguinte procedemento:

a) Os claustrais do correspondente sector poderán presentar as solicitudes de candidatura por correo electrónico dirixido a secretariaxeral@udc.es, indicando o proceso electoral ao que presentan a súa candidatura no formulario que se acompaña.

b) O sistema electoral é o maioritario simple limitado por listaxes abertas por sectores. A votación desenvolverase conforme ao establecido polo Regulamento Electoral Xeral (art. 8.2 Regulamento de réxime interno do Claustro Universitario).

O procedemento será o seguinte:

1. Até as 14:00 do día 29 de abril: presentación de candidaturas.
2. 11:00 do día 30 de abril: proclamación provisoria de candidaturas.
3. De 11:00 a 11:30: reclamacións.
4. 12:00 horas: proclamación definitiva de candidatos.
5. Votación: día 30 de abril de 12:00 a 13:00
6. De 13:00 a 13:30: escrutinio e proclamación provisoria.
7. De 13:30 a 14:00: reclamacións á proclamación provisoria.
8. 14:30: proclamación definitiva de electos.

A votación realizarase no vestíbulo do Paraninfo. A mesa electoral será designada pola Mesa do Claustro de entre os seus membros.

SRES/SRAS MEMBROS DO CLAUSTRO UNIVERSITARIO